



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8 DE MARZO DE 2021

1. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1297/2020.

Aceptar a cesión de viario e concesion de licenza para a rehabilitacion e ampliacion de vivenda.

Acórdase aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 18/01/2021, outorgada ante o Notario, e CONCEDER licenza para o **proxecto básico** de REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR na RÚA POZA REAL DE ARRIBA.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1142/2020.

Licenza proxecto basico para a construcion de vivenda unifamiliar illada.

Acórdase CONCEDER licenza para o proxecto básico presentado o 11/08/2020 e a documentación complementaria presentada o 14 e 15/12/2020, referido á CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA situado no LG ROMANO, cun orzamento de execución material de 97.400,00 euros.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/547/2020.

Licenza para vivenda unifamiliar

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e documentación complementaria, a execución de VIVENDA UNIFAMILIAR no CMÑO VILARES (DOS), cun orzamento de execución material de 145.714,28 euros.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/2018/2019.

Licenza para reforma e ampliacion dunha vivenda unifamiliar

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución e documentación complementaria, a REFORMA E AMPLIACIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR na RÚA PINO (DO), cun orzamento de execución material de 165.000,00 euros.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00000165Y.

Plan de despregue da rede FTTH ORANGE/JAZZTEL na cidade HISTORICA- FASE 8

Acórdase CONCEDER a ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SL, licenza para realizar o PLAN DE DESPREGGUE DA REDE FTTH ORANGE/JAZZTEL na CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), FASE 8, que conta cun orzamento de execución material de 22.885,81 euros. Esta parte do proxecto contempla o despregue da fibra óptica no seguinte ámbito:

- Quinteiro da Rúa de San Pedro, Praza 8 de marzo, Rúa do Medio e Travesía de San Pedro.
- Praza de San Pedro.
- Ruela das Fontiñas.
- Rúa de Aller Ulloa (núm. 1, 3, 5, 7 e 9)
- Praza do Matadoiro (Núm. 1, 2 e 3)
- Avda. de Raxoi e Pazo de Fonseca
- Costa e Campiño de San Francisco.
- Rúa de San Francisco.
- Travesía das dúas Portas

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1166/2020.

Licenza para obras de reforma no parking SAN CLEMENTE

Acórdase conceder a ACVIL APARCAMIENTOS SLU, licenza de OBRAS DE REFORMA de aparcamento soterrado-PARKING SAN CLEMENTE na ÚA SAN CLEMENTE 1A , segundo Proxecto básico e de execución, cun orzamento de execución material de **241.691,21 euros**. As actuacións consistirán en OBRAS DE REFORMA DO PARKING SAN CLEMENTE para adaptalo a normativa de accesibilidade; coa reforma do acceso, vestíbulos e itinerario peonil, coa dotación de ascensor, aseos e prazas adaptadas, reforma de caxeiros e instalación de prazas para recarga eléctrica.. A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado como dotación, no ámbito da UI-7 do PE-1.

7. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: LIQUIDACIÓN DA PRIMEIRA POXA DE OBXECTOS PERDIDOS.

Aprobar a liquidación da primeira poxa de obxectos PERDIDOS (1992-2010)

Apróbase A LIQUIDACIÓN remitida pola entidade SALA RETIRO S.A., correspondente á poxa pública levada a cabo entre o 13 ata o 20 de novembro de 2020, dos obxectos perdidos pertencentes ó concello dos anos 1992 ó 2010, que se relacionan na conta remitida. A venda dos obxectos arroxa un importe total de oito mil cento trinta e oito euros, con dezanove céntimos (**8.138,19 euros**). Desta cantidade, de conformidade coas condicións da adxudicación do contrato a entidade percibirá o 10% co IVE (21%) correspondente ó que supón unha cantidade de mil cento vinte euros, con trinta e un céntimos (1.120,31.-); sendo oitocentos oitenta e cinco euros, con cinco céntimos (885,05.-) o principal e dous centos trinta e cinco euros, con vinteseis céntimos (235,26.-) o IVE do 21%.

8. XESTIÓN TRIBUTARIA. Referencia: TXX/664/2020.

Beneficios fiscais no IBI. Titulares de familia numerosa. Rectificación de erro.

Apróbase a rectificación do Acordo da Xunta de Goberno Local data 05 de outubro de 2020 de xeito que se acorde textualmente "...conceder a bonificación do: Tramo Porcentaxe <= IPREM 90% para o inmovible con referencia catastral 000501000NH34B0001BI desde o 01/01/2020 ata o 12/12/2020 inclusive, sempre que se manteñan as demais condicións esixidas polo artigo 3.3 da Ordenanza fiscal 1.01. O mantemento así como a porcentaxe de bonificación, de ser o caso, estará condicionada ao cumprimento dos requisitos esixidos para o seu disfrute que serán obxecto de revisión anual..

9. XESTIÓN TRIBUTARIA. Referencia: TXX/2187/2019.

Recurso de reposición contra acordo da XGL

Acórdase rexeitar o recurso de reposición interposto por un particular, mantendo o establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de data 01/06/2020 polo que se rexeita a bonificación no Imposto sobre bens inmobles prevista para os suxeito pasivos titulares de familia numerosa, ao abeiro do disposto no artigo 3.3 da Ordenanza 1.01 reguladora do imposto, para o inmueble con referencia catastral 9928503NH3492H0001LK, dado que non se cumpren os requisitos esixidos na Ordenanza para o disfrute do beneficio fiscal solicitado porque o 1 de xaneiro de 2020 non figuran empadroados na vivenda todos os membros da unidade familiar incluídos no título oficial.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/52/2017.

Orde continuidade do “Servizo de conservación e mantemento do parque de Brandía”(CON/52/2017)

Acórdase dar orde á empresa ASPAS EMPREGO SL actual titular do contrato que ten por obxecto o “Servizo de conservación e mantemento do parque de Brandía” para que a partir do 13 marzo de 2021 continúe a prestación do servizo nas mesmas condicións baixo as que o viña facendo de conformidade co contrato anterior e polo tempo imprescindible para adjudicar un novo contrato, estimándose como data de inicio do novo servizo o 1 de xuño de 2021.

11. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2021/00001917T.

Aprobación do Regulamento do Consello Municipal de Persoas Maiores de Santiago de Compostela.

Apróbese o Regulamento do Consello Municipal de Persoas Maiores do Concello de Santiago de Compostela.

Apróbese a modificación do *Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade* e do artigo 13.4 do seu Regulamento de *organización e funcionamento do Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade (BOP.núm 70 do 13 de Abril de 2012)*, coa finalidade de derogar entre as súas comisións sectoriais a que se corresponde cos Maiores, que quedará redactado da seguinte forma:

(...)Artigo 13.4. As comisións sectoriais que se establecen, sen prexuízo de que o propio Consello poida acordar a súa modificación, son as seguintes:

- *Familia, infancia e xuventude*
- *Emprego*
- *Igualdade-muller*
- *Emigración-inmigración*
- *Discapacidade*
- *Saúde*

Acórdase dar traslado da proposta ao Pleno Municipal para súa aprobación inicialmente en Comisión e, despois do cumprimento do trámite de audiencia e información pública, definitivamente polo Plenario.

12. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2021/00001916E.

Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela, relativo á tramitación, concesión e publicación do premio de ensaio e creación audiovisual Xohana Torres, ano 2020, contido nesta proposta como Anexo I.

Apróbese o convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela, relativo á tramitación, concesión e publicación do premio de ensaio e creación audiovisual **Xohana Torres**, ano 2020.

13. DEPORTES. Referencia: 3492/2021.

Continuidade do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais. (CON/59/2015).

Acórdase dar orde de continuidade a empresa AGRONERGA S.L., adxudicataria do actual servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais, por un tempo estimado de 4 meses a contar desde o 12 de marzo ata o 11 xullo de 2021, mentres se procede á adxudicación da nova prestación. O orzamento para estes 4 meses, na que se manterá a facturación actual, ascende á cantidade de **5.967,32 euros**, ive engadido.

14. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2021/00001622G.

Aprobación do proxecto de adecuación, selado e clausura do vertedoiro de ARINS (documento pdf asinado dixitalmente por José Enrique Sánchez arias – 30/09/2020 e con visado dixital nº 2020093 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Grados en Minas e Enerxía de Galicia)

Apróbase o PROXECTO DE ADECUACIÓN, SELADO E CLAUSURA DO VERTEDOIRO DE ARINS coas seguintes condicións:

- Deberá aportarse cartografía da obra executada á súa finalización, a partires das bases municipais que deberán solicitarse e coordinarse co dito departamento.
- O Concello deberá levar a cabo todos os controis e frecuencias sinalados e os parámetros para analizar os lixiviados e augas superficiais.

O vertedoiro considerarase oficialmente clausurado despois de que a autoridade competente realice unha inspección in situ tralo remate das obras, debendo presentar certificado de fin de obra asinado por técnico competente así como informe final de garantía de control de calidade dos xeosintéticos.

ORZAMENTO TOTAL: **1.174.591,42 euros** (O.E.C. + 21% I.V.E.)

O prazo de execución previsto é de 9 semanas.

A totalidade dos terreos son de titularidade do Concello segundo a certificación catastral (Polígono 315 – Parcela 109).

DESCRIPCIÓN DA INTERVENCIÓN

Ámbito: o vertedoiro encóntrase no emprazamento da antiga mina de Fornás (Río Tinto), situado en terreos do Concello, uns 100 metros ao sur da aldea de Fornás, na parroquia de Arins) A superficie (vertedoiro mais áreas anexas de escombreras e taludes) é de 2,87 has.

O obxectivo principal é subsanar os riscos e efectos ambientais negativos producidos como consecuencia da antiga actividade do vertedoiro.

Os obxectivos secundarios e criterios de actuación son os seguintes:

- Illamento dos residuos acumulados
- Creación de capas de selado de maior estabilidade temporal, mediante taludes con pendentes adecuadas e bermas intermedias Control de augas superficiais para minimizar escorrentías ou fluxos descontrolados.
- Control de calidade das augas subterráneas para evitar afeccións
- Facilitade de acceso
- Recuperación de calidade paisaxística
- Minimización dos posibles impactos ambientais

15. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2021/00008461N.

Dar conta á Xunta de Goberno de que o Concello ten solicitada unha subvención á Xunta de Galicia para executar a obra de rehabilitación do lavadoiro da Rocha Vella.

Dase conta á Xunta de Goberno de que o Concello ten solicitada unha subvención á Xunta de Galicia, de 15.000 euros, para executar a obra de rehabilitación do lavadoiro da Rocha Vella con cargo ás axudas aprobadas con data 15 de xaneiro de 2021 para actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento dos bens e recursos que se atopen no Camiño de Santiago posto que dito lavadoiro está no Camiño Portugués a Santiago.

16. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00010119B.

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Deputación Provincial da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o sostemento do centro sociocultural do Ensanche durante 2020.

Dase conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación Provincial da Coruña, polo que se instrumenta unha subvención nominativa de 120.000 euros para cofinanciar o sostemento do centro sociocultural e xuvenil do Ensanche durante o ano 2020. A dita sinatura tivo lugar o día 4 de marzo de 2021.

17. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00010119B.

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre concello de Santiago e a Deputación Provincial da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural ano 2020.

Dase conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación Provincial da Coruña, polo que se instrumenta unha subvención nominativa de 80.000 euros para cofinanciar o programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural durante o ano 2020. A dita sinatura tivo lugar con data de 4 de marzo de 2021.

18. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00010119B.

Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Deputación Provincial da Coruña para financiar o proxecto “EIXOS 2 e 4 do Plan marco de reactivación económica e social do concello de Santiago de Compostela”, no marco do Plan de Emprego Local, anualidade 2021

Dase conta da sinatura do convenio de colaboración, por 1 millóns de euros, entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación Provincial da Coruña, para financiar o proxecto “EIXOS 2 e 4 do Plan marco de reactivación económica e social do concello de Santiago de Compostela”, no marco do Plan de emprego local, anualidade 2021. A dita sinatura tivo lugar con data de 4 de marzo de 2021.

URXENCIAS

19. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2021/00009142A.

Corrección de erros do acordo “70.- aprobación da concesión e xustificación das axudas para o rescate da restauración e hospedaxe do Concello de Santiago de Compostela afectado pola COVID-19. anualidade 2020” de Xunta de goberno local celebrada en sesión extraordinaria e urxente o día 30 DE DECEMBRO DE 2020.

Corríxense os erros.

20. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00010119B.

Solicitar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia autorización para facer o encargo a TUSSA da xestión a explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela.

Acórdase solicitar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia AUTORIZACIÓN para facer o encargo á Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago SA (TUSSA), na súa calidade de medio propio personificado e servizo técnico respecto do Concello de Santiago (artigo 2º dos seus Estatutos), da xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor, así como das superficies e instalacións comprendidas dentro do recinto dela, e que aparecen definidas e detalladas no proxecto de explotación aprobado pola Dirección Xeral de Mobilidade o 14 de decembro de 2020, nos termos e coas condicións recollidas na Resolución da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia de 17 de febreiro de 2021 pola que se outorga a concesión de dominio público en favor do Concello de Santiago de Compostela, sobre os terreos e instalacións da Estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na Estación intermodal situados na rúa Clara Campoamor , o convenio formalizado ao respecto e os seus anexos.

O encargo que se formalice con TUSSA conterá as seguintes cláusulas:

A) Obxecto do encargo: Posta en servizo e xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor, así como das superficies e instalacións comprendidas dentro do recinto dela, e que aparecen definidas e detalladas no proxecto de explotación aprobado pola Dirección Xeral de Mobilidade o 14 de decembro de 2020, e que figura anexado a este título concesional segundo convenio asinado e os seus anexos. As prestacións obxecto deste encargo son as recollidas no apartado 3 do prego de prescricións técnicas do proxecto de explotación que se anexa, e, en concreto:

a) Xestión do servizo correspondente á estación.

- A estación ten por obxecto concentrar nela os servizos de chegada, saída e tránsito de autobuses de liñas regulares de transporte de viaxeiros, equipaxes e encargos por estrada.

- Os vehículos de servizo discrecional, calquera que sexa a súa clase, poderán utilizar os servizos da estación, de acordo co que establece o regulamento de explotación e aboando por iso as mesmas tarifas que os servizos regulares.

- Con carácter excepcional e logo da tramitación pertinente, poderá impoñerse a obriga de acudir á estación a determinados servizos discrecionais cuxas características o aconsellen, e sempre que a capacidade da estación o permita.

b) Xestión e explotación dos locais e garaxes existentes na estación.

c) Xestión e explotación das zonas comúns da estación.

c) Explotación publicitaria da estación

TUSSA realizará, ao seu cargo, a dotación ou renovación do equipamento da estación que sexa necesaria, e no seu caso as obras complementarias ou de mellora que sexan precisas, para efectuar as prestacións obxecto do contrato, previa comunicación e autorización por parte do Concello de Santiago quen recabará, á súa vez, autorización do órgano da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte.

Así mesmo TUSSA deberá cumprir aqueles requisitos que respecto á conservación, mantemento das instalacións, xestión da estación, se establecen nas condicións de explotación do proxecto de explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal.

A constitución de hipotecas e outros dereitos de garantía sobre a concesión deberá ser autorizada expresamente pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e na mesma deberá cumprirse o disposto na lexislación hipotecaria.

B) Tarifas: As tarifas e os conceptos polos que TUSSA percibirá retribucións así como prazos nos que se realizarán os pagos contemplanse nos anexos da proposta.

C) Prazo de execución: O encargo outorgarase por un prazo 25 anos.

O referido prazo comezará a computarse dende a formalización do encargo e unha vez asinada a acta de posta en servizo da estación de autobuses de Santiago de Compostela integrada na estación intermodal, situada na rúa Clara Campoamor, que será asinada por un representante da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e un representante do Concello de Santiago de Compostela.

Unha vez finalizado o prazo do encargo, o TUSSA cesará no aproveitamento dos bens de dominio público que viñese utilizando ao amparo do encargo, poñendo todos eles a disposición do Concello de Santiago de Compostela, en perfecto estado de conservación e funcionamento.

Igualmente, rematado o prazo do encargo, todas aquelas instalacións e medios complementarios executados por TUSSA para a debida explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela, reverterán ao Concello de Santiago de Compostela en perfecto estado de conservación e serán recibidos gratuitamente e libres de cargas e gravames.

Co obxecto de garantir o bo estado dos bens obxecto de reversión o Concello de Santiago de Compostela, seis (6) meses antes de que venza o termo para o remate do encargo o Concello de Santiago de Compostela realizará unha inspección na estación de autobuses e notificará ao Concello de Santiago de Compostela as actuacións que debe realizar, de ser necesarias, para que se poidan entregar os bens nas condicións expresadas.

D) Control e seguimento do encargo: Designarase un responsable municipal do encargo así como a posibilidade de modificación do encargo por causas de interese público, sempre que se justifique que con dita modificación o encargo se realiza de forma máis eficaz e eficiente. Calquera modificación deberá ser previamente fiscalizada e autorizada polo Concello de Santiago de Compostela.

E) Contratación con terceiros: TUSSA poderá contratar con terceiros en execución do encargo non excederá do 50% da contía do encargo. a xestión dos servizos accesorios, tales como cafetería, limpeza, seguridade, consigna e sistemas de información aos usuarios vestiarios, etc. quedando os arrendatarios de ditos servizos complementarios obrigados ante o TUSSA.

21. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00010119B.

Corrección de erros detectados no expediente tramitado á Xunta de Goberno como Convalidación Omisión Función Interventora e recoñecemento de débeda da relación contable de facturas S/2020/260 emitidas por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. POR IMPORTE DE 786,88 EUROS.

Corríxese o erro que afecta ao importe. Onde di 768,88 euros debería decir 786,88 euros.

22. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1285/2020.

Concesion de licenza para consolidacion de FORXADO

Acórdase CONCEDER á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ROSALÍA DE CASTRO, 43, licenza

para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 29/07/2020, a CONSOLIDACIÓN DE FORXADO no inmovible situado na AVDA ROSALIA DE

CASTRO (DE), 43, cun orzamento de execución material de **18.034,82 euros**.

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00009599T.

Dación de conta de sentenza PA 330/2020 CA2

Dáse conta da sentenza nº 49/202, presentada por un particular.

Obxecto: Recurso contencioso-administrativo contra a decreto de Concelleiro delegado de Mobilidade e seguridade que desestima alegacións e impón sanción de 200 euros por infracción ordenanza xeral de rúidos.

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais, pois estima o recurso e anula o acto administrativo impugnado ao considerar que o concello no procedemento sancionador non aportou unha proba de cargo con alcance e valor probatorio suficiente, o que afecta á presunción de inocencia.

Ante as dificultades atopadas pola defensa do concello para proponer como testemuñas aos axentes denunciante e á vista do fundamento xurídico segundo da sentenza, recomendase que no sucesivo se achegue aos expedientes sancionadores unha ratificación detallada da denuncia dos axentes denunciante.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00008784J.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local do auto recaído no Procedemento Abreviado 156/2020 do Xulgado Contencioso Administrativo núm.2

Dáse conta do Auto do 12 de febreiro de 2021 do Xulgado do Contencioso administrativo nº 2 de Santiago de Compostela ditado no PA 156/2020.

Recorrente: Allianz seguros e Reaseguros S.A.

Obxecto: Reclamación de responsabilidade patrimonial

O Auto homologa o acordo extraxudicial adoptado ente a recorrente e a aseguradora do concello, consistente en que a aseguradora aboará ao demandante o importe de 1.564,25 euros correspondentes ao principal reclamado.